

EDICTO

INICIO DO PRAZO DE SOLICITUDE DAS SUBVENCÍONS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NAS ÁREAS DE A MAGDALENA E FERROL VELLO, A GRAÑA E ESTEIRO VELLO DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021, ANUALIDADE 2021

A convocatoria das subvencións publicouse no BOP do 25.03.2022, no DOG do 28.03.2022, no taboleiro de anuncios deste concello e na súa páxina web <https://www.ferrol.gal/rehabilitacion>.

O prazo de presentación de solicitudes comeza ás **9.00 horas da mañá do mércores día 4 de maio de 2022**, e prolóngase ata o día 30 de abril de 2026 ou ata o esgotamento do crédito dispoñible ou do número de intervencións concedidas, se se producen con anterioridade.

Os impresos normalizados para a presentación das solicitudes están dispoñibles no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol e na páxina web (<https://www.ferrol.gal/rehabilitacion>).

Recórdase que a selección será por rigorosa orde de presentación da solicitude.

Non serán admitidas as solicitudes presentadas presencialmente polas persoas obrigadas pola lei a relacionarse electronicamente coas administracións públicas, entre as que se atopan as persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica (entre elas, as comunidades de propietarios e as agrupacións de persoas propietarias).

RECOMÉNDASE a todas as persoas solicitantes que presenten as súas solicitudes electronicamente, para o que dispoñen da sede electrónica do concello, no enderezo <https://www.ferrol.gal/Sede> (apartado “Trámites”, trámite “001 Solicitude Xenérica-CONCELLO DE FERROL”).

Ferrol, na data da sinatura electrónica.

O concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas,
Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación,
Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna, PD